



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

## **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 12 DE NOVEMBRO DE 2012**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dez horas do día doce de novembro de dous mil doce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Intervén, como secretaria por delegación, dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 5 de novembro de 2.012.**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 5 de novembro de 2012 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

### **2º.- Correspondencia.**

- Decreto 214/2012, do 8 de novembro, polo que se ditan normas para garantir os servizos mínimos esenciais durante a folga xeral convocada para o día 14 de novembro de 2012 (DOG nº215 de 12 de novembro de 2012).

### **3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.**

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de réxime interior, patrimonio e contratación.

Don Felipe Andreu Barallobre informa aos demais concelleiros de que nos vindeiros días lles pasará un cadro coas contratos pendentes de executar con fin de que cada concelleiro se encargue da súa área.

Respecto da segunda fase de execución dos fondos FEDER (2012-2015), informa de que, á vista de que numerosos concellos están a renunciar á execución desta fase, é posible que se lle conceda a Cambre esta axuda. Por este motivo, no día de mañá manterá unha reunión cos responsables da empresa “EOSA”, adxudicataria do contrato de apoio técnico ao Concello de Cambre para a xestión, coordinación e avaliación do proxecto ARUME.

Engade que esta segunda fase tería que estar executada antes de finais do 2015.

#### Informes da concelleira delegada da área de urbanismo e medio ambiente.

Dona Rocío Vila Díaz informa, con respecto ás obras da casa da cultura, que se firmarán dous acordos con dous colindantes de Cambre para a cesión, respectivamente, dunha franxa de terreno de 8 metros cadrados, co fin de mellorar o radio de xiro na zona da saída, e outra franxa de terreno de aproximadamente 280 metros, ao longo da zona de aparcamento.

#### Informes da concelleira delegada da área de economía, facenda, promoción económica e consumo.

Dona Marta María Vázquez Golpe informa de que a campaña de nadal xa está deseñada e que este ano o orzamento é o mesmo que o ano pasado. Sinala que este ano non se celebrará o concurso de escapatismo nin o reparto de bolsas aos comercios, cuxo importe irá destinado a boletos de “rasca e gaña” nos que se sortearán bonos dende 20 a 500 euros e dúas viaxes.

Engade que tamén se realizarán actuacións de animación infantil e que nos vindeiros días manterá unha reunión con todos os comerciantes para analizar este tema.

#### Informes do concelleiro delegado da área de cultura e turismo.

Don Santiago Ríos Rama informa de que o pasado día 9 de novembro se celebrou o 29 certame de pintura do Concello de Cambre, resultando gañador Pablo Astrain, coa obra “Amanece no es poco”.

Sinala tamén que o vindeiro 16 de novembro se presentará o libro “Estampas de Cambre: eles, elas e demais familia” ás 20:30 horas no museo de Cambre e o día 17 a banda de música de “Sementeira” e a coral de Sigrás ofrecerán un concerto ás 20:00 horas no local da xuventude de Cecebre.



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

Informes da concelleira delegada da área de igualdade, benestar social, sanidade e educación.

Dona María Jesús González Roel informa de que, no día de hoxe, o educador social e ela asistirán a unha reunión no Consorcio para preparar a andaina que se celebrará o vindeiro 24 de novembro en contra da violencia de xénero. A idea é ir todos coa mesma camiseta percorrendo os Concellos de Cambre, Culleredo e Oleiros e hoxe ultímaranse tódolos detalles.

Informa tamén de que o sábado pola mañá tivo lugar a primeira recollida de alimentos donados polos establecementos comerciais da cadea "eroski", resultando unha cantidade importante de alimentos aos que se sumarán os 5.000 kg que esta semana se recibirán da Cruz Vermella.

Informes do concelleiro delegado da área de obras e servizos.

Don Manuel Marante Gómez sinala que se soldaron e sellaron as arquetas de corrente da zona da rúa Fernando Huesa e que agora procederán a facelo mesmo na zona da Barcala, no paseo, na pista de skate e dende a AC 214 cara a urbanización e tamén nas demáis zonas nas que se veñen producindo roubos de cableado, co fin de intentar impedilos.

Engade que, entre esta semana e a que ven, se finalizará a obra dos colectores do Espírito Santo.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria por delegación, certifico.

O presidente



Manuel Rivas Caridad

A secretaria, por delegación



Verónica María Otero López